

## Regulamento

Art.1). O Concello de Ortigueira organiza o próximo 11 de Agosto de 2018 a VII Carreira Popular de Ortigueira

Art.2). A proba absoluta celebrárase sobre a distancia de 5.000m.

Art.3). As inscricións realizaranse a través da páxina [www.ranckr.com](http://www.ranckr.com) e prueba-t.es donde será obrigatorio cubrir os datos solicitados e facer o pago de 4 € ata as 23:59h do xoves 9 de Agosto de 2018.

Por razóns organizativas NON se admitirán inscricións o día da proba para NINGUNHA categoría.

Soamente abonarán inscrición os atletas maiores de idade.

Tódolos atletas teñen a obriga de comprobar que a súa inscrición está correctamente formalizada na paxina [www.ranckr.com](http://www.ranckr.com)

Art.4). As categorías, horarios e distancias son as seguintes:

17:30h PITUFOS 2010 y posteriores: 100 metros aprox.

17:40h BENXAMÍN 2008-2009: 500 metros aprox.

17:55h ALEVÍN 2006-2007: 1500 metros aprox.

18:20h INFANTIL 2004-2005: 1500 metros aprox.

18:45h CADETE 2000-2003: 5000 m

18:45h SENIOR 1983 - 1999: 5000m

18:45h VETERANOS A 1966-1982: 5000m

18:45h VETERANOS B 1965 e anteriores: 5000m

Art.5) Os dorsais e chips serán entregados o mesmo día da proba, 11 de Agosto, na zona da saída en horario de 16:00h a 18:00h (pégase vir con tempo para a retirada do dorsal) debendo o atleta levar o dorsal visible e sen dobreces no peito.

A participación sen dorsal, ou co correspondente a outro corredor ou con outro que non sexa o oficial da proba está totalmente prohibida e poderá supoñer a exclusión inmediata da proba por parte dos membros da Organización.

Art.6). Premios:

Trofeos e medallas para os tres primeiros clasificados de cada categoría, masculina e feminina.

Art.7). A organización terá a disposición dos atletas servizo de ambulancia. Tamén duchas na piscina municipal.

Art.8). A organización terá contratado un seguro de responsabilidade civil e accidentes deportivos para tódolos participantes.

Art.9). Tódolos atletas que se inscriban nesta proba dan por aceptado e deben cumprir o reflectido neste regulamento.